

PERCURSO VITAL E INTELECTUAL DUN GALEGUISTA EXEMPLAR

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Convócanos hoxe aquí a Real Academia Galega e a Irmandade Xurídica Galega para homenaxearmos Sebastián Martínez-Risco con motivo de se faceren 40 anos do seu pasamento. Congratúlome por iso e parabenizo as entidades convocantes. Porén, non podo deixar de lamentar que se tardase tanto tempo en dedicar unha lembranza a quen foi digno presidente da Academia durante 17 anos.

Porque Sebastián Martínez-Risco presidiu a entidade desde o 9 de outubro de 1960 até o día mesmo da súa morte, o 24 de novembro de 1977. Mais non foi, a meu ver, un presidente calquera. Foi o presidente que dotou de prestixio unha institución creada co labor abnegado de persoas boas e xenerosas, e que nas dúas primeiras décadas da posguerra apenas conseguía sobrevivir, o que talvez non fose pouco, na longa noite de pedra da ditadura franquista, co déspota liberticida convertido en presidente de honra e con algún dos seus secuaces sentado nos bancos da entidade. Nesas circunstancias fica claro que a Academia non podía ser aquela “casa para a lingua galega” que soñaran os devanceiros.

Sebastián Martínez-Risco, que xa era membro correspondente da Academia desde 1944 e que foi nomeado numerario en 1950, leu o seu discurso de ingreso en 1953 en lingua galega, algo nada habitual na altura, e en 1958 promoveu, como académico, a revisión das acepcións pexorativas da voz “gallego” no dicionario da Real Academia Española, entre outras iniciativas. Baixo o seu mandato, e a medida que o paso do tempo ía impondo o natural relevo dos membros corporativos, foise renovando a institución coa entrada de persoas realmente implicadas no uso e defensa da lingua galega, alén de comprometidas coa cultura da nación, algunhas delas anteriormente vítimas da represión que sufriran penas de cárcere ou de exilio. Non podo pararme en dar nomes, mais a renovación foi importante e vital para a institución. Só por iso Martínez-Risco é merecente dun posto de honra entre os presidentes.

No entanto, pódense citar outros moitos méritos do seu mandato: a proxección exterior da Academia, a oficialización en 1963 do 17 de maio como Día das Letras Galegas, a obtención de fontes de financiamento, o proceso de negociación e feliz consecución das instalacións en que agora se acha a entidade e nos achamos nós neste momento, ou a aprobación das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas do galego en 1970 e 1971, a pesar de se ver frustrado o seu degorado

proxecto de publicar unha gramática académica, obxectivo aínda hoxe non conseguido pola entidade.

Nado en Ourense o 19 de xaneiro de 1899, Sebastián pertencía a unha familia acomodada e de marcado carácter intelectual que contribuíu para facer da cidade das Burgas a Atenas da Galiza do seu tempo, lembrándonos o afortunado título dun libro de Armando Fernández Mazas. Sen que isto sexa un mérito directamente atribuíbel a el, Sebastián Martínez-Risco Macías era sobriño por vía materna do grande humanista Marcelo Macías, e curmán por vía paterna de Vicente Risco. O seu irmán Manuel Martínez-Risco foi catedrático de Óptica e Acústica nas universidades de Zaragoza e de Madrid, alén de deputado da esquerda nas Cortes da República, morto no exilio cando era prestixioso investigador do Centro Nacional de Investigación Científica en París; no epistolario de Otero Pedrayo e Sebastián Martínez-Risco, que debería saír do prelo este ano, inclúense en apéndice unhas cantas cartas de Manuel que poñen ao descuberto o tremendo drama do exilio mesmo para quen posuía unhas condicións de vida privilexiadas con relación á maioría das persoas transterradas.

Sebastián estudou o bacharelato no Instituto do Posío da súa cidade natal en que tamén estudaran Otero e o seu irmán Manuel, e onde era director o seu tío Marcelo Macías, catedrático de Literatura Preceptiva, e a seguir iniciou a carreira de Dereito en Santiago de Compostela, que continuou en Zaragoza e terminou en Madrid, a acompañar así o seu irmán nos destinos que tivo como profesor universitario. Foi un alumno brillante, como mostra o seu expediente académico e como se reflectirá na posterior carreira profesional, pois deseguida superou con brillantismo as oposicións á carreira xudicial e, en 1924, obtivo o título de Xuíz de Primeira Instancia e Instrución. Exerceu nos xulgados de Pobra de Seabra, O Barco de Valdeorras, Vilalba e A Coruña. Ascendido a maxistrado, desempeñou esta función na Audiencia de Ourense, onde pediu a excedencia en 1944 para se dedicar ao exercicio libre da avogacía na Coruña, cidade en que vai morar até o seu pasamento.

A Guerra (in)Civil de 1936 sorprendéao de xuíz en Vilalba e alí tivo de pasar por amargas experiencias da brutal represión da ditadura militar, coa cal sempre se mostrou moi crítico, dentro do seu comedido carácter. A ausencia dun verdadeiro estado de dereito, que o obrigaba a administrar nos primeiros anos da posguerra unha xustiza en que non acreditaba, debeu de exercer unha influencia decisiva no abandono da carreira xudicial, como indirectamente se pode deducir da lectura da súa interesante novela *La tanza negra. Ejemplo y agonía del Juez Oria*, publicada nunha editora catalá en 1943 e sobre a que manifestou o desexo de a reeditar traducida para o galego.

Sebastián Martínez-Risco foi sempre, aliás, un verdadeiro animador da vida cultural. En Vilalba, por exemplo, escribiu teatro para ser representado na vila, axudou a fundar e dirixiu o Ateneo, organizou numerosas conferencias das personalidades máis relevantes da cultura galega e mesmo impartiu aulas de Literatura. Na Coruña presidiu a Coral Polifónica El Eco. E, alén disto, foi membro do Consello de Administración de Galaxia e do Consello de Dirección da *Revista de Economía de Galicia*, codirector (con Otero Pedrayo e Leandro Carré) da sección galega da revista portuguesa *Quatro Ventos*, colaborador da revista *Scientia Iuridica* de Braga e do programa galego da BBC de Londres durante o período de 1950 a 1956, e membro do Consello Consultivo da *Gran Enciclopedia Gallega*. Presidiu igualmente o Padroado do Museo Emilia Pardo Bazán e foi membro de número ou presidente de honra doutras corporacións. Aínda no mesmo ano do seu pasamento le en galego o seu discurso de ingreso na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, intitulado *Proiección da Abogacía na sociedade galega*.

Martínez-Risco sentiu tamén desde moi novo a vocación pola escrita literaria. Con apenas 17 anos, sendo aínda estudante en Zaragoza, xa se iniciou no cultivo da literatura mediante a publicación de poemas na prensa desta cidade. Tamén se fixo colaborador habitual da de Astorga, onde pasaba os veráns por seren de alí súa nai e seu tío Marcelo; entre 1919 e 1923 escribe en *La Esfera* de Madrid. Aínda que publica habitualmente poesía, tamén cultiva en ocasións a prosa e xa en Zaragoza escribira unha obra de teatro en colaboración co seu grande amigo daquel tempo Camón Aznar; nesa mesma cidade pronuncia en 1917 unha conferencia sobre Rosalía de Castro.

Porén, os seus primeiros libros non sairán do prelo até o inicio da posguerra: *La tanza negra* e *Trébol poético* son ambos de 1943, mais neste mesmo ano tiña preparada a edición frustrada de *La esquina amada* coa metade dos poemas en galego e cun prólogo de Cabanillas, obra que se acabará por publicar póstuma e integramente en galego en 1980 co título de *Do recuncho amado*. O seu discurso de ingreso na Academia, *O sentimento da xustiza na literatura galega*, fora lido en galego no ano 1953, como xa se dixo, e esta lingua faise habitual na súa obra posterior, que vai ficar reducida fundamentalmente á poesía, que nunca abandonou embora o seu cultivo fose esporádico –véxase *Nadalinas* (1973) como exemplo–, e nomeadamente ao ensaio de carácter literario e xurídico, o xénero máis importante da súa produción.

Alén dos libros xa citados e de numerosísimos artigos, prólogos ou recensións, publicou algúns opúsculos que son resultado de palestras impartidas por el nos foros máis diversos, como unha interesante e lúcida análise sobre a perspectiva histórica e actual do galego, *Presencia da lingua galega* (1973), consecuencia dunha intervención no Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, ou *Conferencias encol de*

Castelao, impartidas en Buenos Aires en 1975. E aínda ten obra inédita, como un interesante *Refraneiro xurídico galego* que pagaría moito a pena que unha institución pública dese ao prelo.

Permítaseme falar agora un pouco da súa relación con esa nación galega espallada polo mundo que se ve reflectida na súa abundante correspondencia. A representación da cultura galega que, en certo modo, asumiu ao acceder ao cargo de presidente de Academia, e que el tan ben soubo dignificar, levouno a ser requirido polo Centro Galego de Buenos Aires para impartir, con motivo da celebración das Xornadas Patrióticas Galegas de 1961, un ciclo de conferencias en diferentes centros da cidade bonaerense e tamén en Montevideo. Desas palestras, e tamén da viaxe e das súas derivacións, dan testemuño moitas das cartas incluídas no volume *Onde ferve o amor por Galiza. Correspondencia do galeguismo do exterior con Sebastián Martínez-Risco (1942-1977)*, cuxo título tomei emprestado dunha carta que Isaac Díaz Pardo escribe ao noso homenaxeado no ano 1955 desde a capital porteña e que comeza así: “Meu querido e admirado amigo:/ Quero enviarlle meu saúdo dende istas terras nas que ferve o amor por Galiza”. Debo confesar que esta expresión me impactou grandemente porque sintetiza o sentimento de moitas persoas que, expulsadas dun modo ou doutro da súa terra pola inxustiza da miseria ou da represión totalitaria, aínda tiveron a grandeza de loitaren por ela e de soñaren cunha Galiza ceibe e digna, a se expresar con normalidade no seu idioma propio.

As cartas seleccionadas para este volume corresponden ao período 1942-1977 e son 265, ben dirixidas a Martínez-Risco ou escritas por el, máis outras cinco que van en anexo. Todas son inéditas e teñen como fío de unión a relación de Sebastián (e da Real Academia Galega por extensión en moitos casos) con personalidades de fóra da Galiza e nomeadamente con personalidades galegas residenciadas no exterior de modo permanente ou temporal, ora sexa no ámbito peninsular (Barcelona, Madrid, Portugal), ora no europeo (Londres, París). Porén, as misivas máis numerosas corresponden sen dúbida ás relacións coa emigración e co exilio americanos, onde cobran especial relevancia vultos principais da cultura galega como Blanco Amor, Neira Vilas, Díaz Pardo, Núñez Búa, Emilio Pita, Alberto Vilanova, Emilio González López, Luís Seoane etc., a destacaren igualmente dirixentes da colectividade galega en Buenos Aires ou noutras cidades da América.

A temática dominante nas cartas é a proxección da cultura galega polo mundo, o labor levado a cabo pola Academia Galega e a actividade galeguista que desenvolven colectivos e persoas a nivel individual; ou, dito con outras palabras, a presenza da Galiza no mundo e o traballo que na súa defensa realizan as colectividades galegas; neste sentido, ocupan un papel destacado as dúas visitas de Sebastián

a Buenos Aires e tamén a celebración dos Xogos Froraes do Idioma Galego na mesma cidade no ano 1968.

Toda esa correspondencia posúe, a meu ver, unha grande importancia para un mellor coñecemento do autor que hoxe homenaxeamos e da cultura galega no período da ditadura franquista, e presenta a vantaxe de nos ofrecer unha ampla pluralidade de perspectivas sobre algúns eventos producidos nese período e sobre ideas e proxectos arredor da cultura galega e do seu futuro que daquela estaban en andamento no interior do país e nomeadamente nas colectividades galegas do exterior. Posúen especial relevancia as formulacións de personalidades tan destacadas como Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Emilio González López, Xosé Núñez Búa ou Xosé Neira Vilas, que son autores dun importante número de cartas.

Moitos deles foron auténticos embaixadores da cultura galega polo mundo: Manuel Casado Nieto e Basilio Losada en Barcelona, Xosé Ramón Fernández-Oxea en Madrid, Santos Júnior, Oliveira Guerra ou Francisco José Veloza no norte de Portugal, Alejandro Raimúndez en Londres, Emilio González López en Nova Iorque, Xesús Canabal en Montevideo, Luís Soto en México, Neira Vilas na Habana, e, sobre todo, Isaac Díaz Pardo, Blanco Amor e Luís Seoane, entre tantos outros, como o propio escritor arxentino Víctor Luís Molinari, en Buenos Aires, a quinta provincia e capital cultural da nación galega transterrada e negada no seu propio territorio.

Como ese epistolario pon en evidencia, só se pode cualificar de produtiva a primeira visita de Sebastián Martínez-Risco á América en 1961, que deixa unha fonda pegada entre a colectividade galega e que acrecenta o seu prestixio persoal. A raíz dela, a Real Academia Galega recibirá importantes achegas económicas e o presidente será reclamado noutras ocasións. Após se frustrar unha nova visita del e de Otero Pedrayo a Buenos Aires en 1968 para oficiaren nos Xogos Floraes do Idioma Galego, do que tratan varias destas misivas, Martínez-Risco realiza no ano 1975 unha viaxe á América para participar máis outra vez nos actos das Xornadas Patrióticas Galegas.

Esta derradeira viaxe levouse a cabo tamén na derradeira etapa da vida de Sebastián Martínez-Risco, cada vez máis entregado aos numerosos compromisos coa cultura, á actividade intelectual e nomeadamente á Academia. E aínda tivo tempo e vontade para se implicar e se comprometer na vida política en momentos convulsos e ao mesmo tempo abertos á esperanza. Nas primeiras eleccións após 40 anos de ditadura, celebradas no mesmo ano da súa morte, presentouse ao Senado pola Candidatura Democrática Galega, a dar mostras evidentes, máis unha vez, do seu compromiso cos valores cívicos e democráticos. E tivo forzas aínda para se opor con decisión ao traslado dos restos mortais de Castelao, sempre fiel á memoria

do ilustre patriota. Disto dá claro testemuño a carta 265, a última da serie que se inclúe no volume citado.

Desa admiración e respecto por Castelao, polo seu pensamento e polo seu legado histórico xa dera moitas mostras ao longo e largo da súa vida, como cando en 1953 lle presta singular atención no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, cando en 1955 lle dedica un tríptico de sonetos na revista bracarense *Quatro Ventos* co título de “Ti que cruzache o mar (Sentindo na morte de Castelao)”, cando en 1961 clausura as súas palestras en Buenos Aires con unha sobre “O pensamento de Castelao”, cando xestiona por esa mesma altura a publicación pola Academia da conferencia “Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura” con financiamento do Banco de Galicia de Montevideo a través de Xesús Canabal (como mostra a correspondencia antecitada), cando na viaxe de 1975 é Castelao quen monopoliza todas as palestras que imparte e que hoxe podemos ler no volume publicado polo Instituto Arxentino de Cultura Galega. Nunha carta inédita de Virxinia Pereira, a viúva do ilustre político nacionalista, a Sebastián, de 4 de decembro de 1960, dille: “Non esquezo a grande afinidade de ideaes, e a moita estima que os xunguía aos dous”. Desa afinidade deixou constancia, con certeza, o noso autor na súa obra e na súa vida.

Mais voltemos ao presente para irmos pondo fin a esta intervención. No ano 2016 recén terminado a sociedade galega honrou as Irmandades da Fala no centenario da súa creación e homenaxeou Manuel María como figura das Letras. En 2017 toca lembrármolos de Carlos Casares con este mesmo motivo e de Pondal no centenario da súa morte, entre outros eventos conmemorativos. Todas esas homenaxes parecen xustas e mesmo necesarias para recuperarmos do esquecemento en moitos casos e noutros para actualizarmos e aprofundarmos no coñecemento de personalidades que constitúen parte fundamental do noso patrimonio cultural e tamén da nosa historia colectiva como pobo. Por iso mesmo non tornaba xusto continuarmos a nos esquecer doutra figura relevante das nosas letras e da nosa cultura como é Sebastián Martínez-Risco Macías.

A xenerosidade no traballo, a ausencia de ambicións persoais, o carácter conciliador e bondadoso, ben como o amor ao país e á súa lingua e cultura, marcaron a traxectoria de Martínez-Risco como presidente da Academia, á que lle deu prestixio e presenza pública. Importante foi tamén o seu labor de investigador e divulgador da nosa lingua e literatura, ben como do Dereito Civil Galego. No entanto, hoxe pódese observar un xeral descoñecemento sobre a súa personalidade e sobre a súa obra, de modo que se fai necesario o seu redescubrimento e actualización, nun acto tamén de xustiza con quen entregou o mellor de si propio en defensa e

potenciación do patrimonio colectivo dun pobo dado a esquecer os seus máximos valedores.

A sociedade galega no seu conxunto, e a Academia tamén, tiñan, pois, a obriga moral de lembraren e honraren o autor hoxe homenaxeado. Non puido ser en 1999, cando se facían os 100 anos do seu nacemento, nin en 2002 aos 25 do pasamento. Aínda que con atraso, faise hoxe, cando outra institución, a Deputación da Coruña, acaba de tirar do prelo unha extensa obra de correspondencia que dá fe documental dos moitos méritos que Sebastián Martínez-Risco reunía para se facer merecedor desta homenaxe. Con ela honramos a memoria do ilustre xurista e escritor, mais tamén se honra a si propia a Academia, pois el fai parte fundamental dela como un dos protagonistas principais da súa historia.

Eu, como modesto pesquisador do legado documental que nos deixou e admirador da súa obra e da súa personalidade intelectual e humana, alégrome de que esta homenaxe teña lugar e dou os parabéns por ela ás entidades convocantes, agradecéndolles a oportunidade de intervir no acto. E non podoo finalizar sen lle agradecer igualmente á familia Martínez-Risco a confianza e amizade con que me vén honrando desde hai anos. Por ela tamén me alegro especialmente da realización desta homenaxe. Porque esta familia é fiel continuadora e leal custodia do legado cívico e galeguista de Sebastián. Permítaseme que a singularice na persoa que nos acompaña nesta mesa, Isabel Risco, toda corazón e entrega xenerosa na procura da Galiza soñada por seu avó, quen sen dúbida se sentiría moi orgulloso dela.

Obrigado pola atención e que este acto abra as portas a un mellor coñecemento e recoñecemento do autor homenaxeado.